

## LETRAS GALEGAS 2022

### **BASES DO XXXI CERTAME INTERCENTROS CONCELLO DE NARÓN**

O Certame Intercentros "Concello de Narón" ten como finalidade a celebración do Día das Letras Galegas, exaltando a nosa lingua, fomentando a súa normalización e dinamización, así como tamén amosando a nosa cultura e a nosa realidade.

O seu obxectivo é aportar os medios axeitados para facilitar o traballo docente, así como financiar parte da elaboración dos materiais que favorezan as estratexias cooperativas dos centros educativos.

Atendendo á cronoloxía rotatoria de co-organización das distintas edicións do Certame Intercentros por parte dos centros escolares públicos participantes, na presente edición correspóndelle ao C.E.I.P. A SOLAINA a coordinación co Concello do "XXXI Certame Intercentros-Concello de Narón 2022".

#### **Base 1. INTERESADOS**

Poderán participar os Centros educativos públicos do Concello de Narón nos niveis de **Educación Infantil, Primaria, ESO, BAC e Ciclos Formativos** matriculado en Centros públicos do Concello de Narón, distribuídos nas seguintes categorías e modalidades:

Categoría	Modalidade
a) Educación Infantil	Murais
	Exposición oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
b) 1º e 2º de Primaria	Murais
	Exposición oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
c) 3º e 4º de Primaria	Mural ou conto ilustrado
	Exposición oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego

d) 5º e 6º de Primaria	Conto ou cómic
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
	Audiovisual
e) 1º e 2º de ESO	Narrativa
	Cómic
	Poesía
	Teatro escrito
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
	Audiovisual
f) 3º e 4º de ESO	Narrativa
	Cómic
	Reportaxe xornalística
	Poesía

	Teatro escrito
	Exposición oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
	Audiovisual
g) 1º e 2º BAC e Ciclos Formativos	Narrativa
	Cómic
	Reportaxe xornalística
	Poesía
	Teatro escrito
	Exposición oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
h) Alumnado do Centro organizador	Audiovisual
	Cartel anunciador das Letras Galegas

A forma de participación poderá ser colectiva (dous ou máis **premiados**), por aula e individual.

Na modalidade **h** unicamente poderá participar o alumnado do CEIP de A Solaina, por ser centro organizador, de calquera nivel.

**Base 2. FORMA DE PARTICIPACIÓN NAS DISTINTAS MODALIDADES**

<b>Categoría</b>	<b>Modalidade</b>	<b>Forma de participación</b>
a) Educación Infantil	Murais	Presentase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)
b) 1º e 2º de Primaria	Murais	Preséntase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)
c) 3º e 4º de Primaria	Mural ou conto ilustrado	Preséntase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo

d)5º e 6º de Primaria	Conto ou cómic	Preséntase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
e)1º e 2º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual
	Cómic	Pódese participar de xeito individual
	Poesía	Pódese participar de xeito individual
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
f)3º e 4º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual
	Cómic	Pódese participar de xeito individual
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual

	Poesía	Pódese participar de xeito individual
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
g)1º e 2º BAC e Ciclos Formativos	Narrativa	Pódese participar de xeito individual
	Cómic	Pódese participar de xeito individual
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual
	Poesía	Pódese participar de xeito individual
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo

h)Alumnado do Centro organizador	Cartel anunciador das Letras Galegas	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
----------------------------------	--------------------------------------	---

### Base 3.- PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Todos os traballos deberán empregar a lingua galega e ser absolutamente inéditos e orixinais (coa única excepción da modalidade de **EXPRESIÓN ORAL** e **CANCIÓN EN GALEGO**), debendo presentarse atendendo ás seguintes características, segundo as modalidades:

#### 3.1- MURAIIS

- A temática a desenvolver deberá estar relacionada coas Letras Galegas, coa realidade galega ou con algún aspecto da nosa cultura.
- O número máximo de traballos que poden presentarse é de 1 por aula.
- Os traballos deberán entregarse en panel de cartón pluma de 70 X 100 cm. de dimensións e 5 mm de grosor, e deberán contar cunha corda para facilitar a súa colocación na exposición.
- Nos traballos, en lugar visible, debe figurar o nome do Centro e a aula **participante**.
- Ao presentar os traballos no lugar de exposición, farase entrega dun documento que especifique o número total de traballos presentados por cada Centro.

#### 3.2- CONTO ILUSTRADO

- A temática a desenvolver deberá estar relacionada coas Letras Galegas, coa realidade galega ou con algún aspecto da nosa cultura.
- O número máximo de traballos que poden presentarse é de 1 por aula.
- Os traballos deberán entregarse en panel de cartón pluma de 70 X 100 cm. de dimensións e 5 mm de grosor, e deberán contar cunha corda para facilitar a súa colocación na exposición.
- Nos traballos, en lugar visible, debe figurara o nome do Centro e a **aula participante**.
- Ao presentar os traballos no lugar de exposición, farase entrega dun documento que especifique o número total de traballos presentados por cada Centro.

#### 3.3- POESÍA

- A temática e a métrica serán libres.
- A extensión máxima será de 25 versos.

#### 3.4- NARRATIVA

- A temática será libre.
- A extensión mínima será de 2 folios e a máxima de 4 folios nas modalidades **e** e **f**; e de 8 folios na modalidade **g**.

#### 3.5- CÓMIC

- A temática será libre.
- A técnica será libre, sobre papel de debuxo (non folio) e o texto escrito con tinta negra.
- A extensión mínima será de 10 viñetas.
- Para primaria os traballos deberán entregarse en cartón pluma de 70x100 cm. de dimensións e 5 mm de grosor.

### **3.6 -TEATRO ESCRITO**

- A temática será libre.
- A extensión mínima será de 2 folios e a máxima, de 8 folios.

### **3.7- AUDIOVISUAL**

- Temática libre.
- Duración da gravación: máximo 5 minutos.
- Os traballos entregaranse en soporte informático.

### **3.8-REPORTAXE XORNALÍSTICA (texto e fotografía)**

- Temática: visión persoal da realidade actual en calquera campo (política, cultura, sociedade, economía, deportes...)
- Pode empregarse a fotografía como complemento ao texto.

### **3.9- EXPRESIÓN ORAL**

- Comprenderá o recitado dun poema, a exposición dunha lenda, un conto popular, un relato, un monólogo, un diálogo ou unha representación teatral.
- Pódese participar individualmente ou en grupo.
- A exposición debe ser feita de memoria e valorarase a dicción e posta en escena.
- Os textos poden ser inéditos ou xa publicados.
- A exposición pode acompañarse de recursos musicais elementais, sempre que non sexan executados por persoas adultas en directo.
- A duración máxima da exposición será de 20 minutos.
- Na opción de representación teatral non se admitirán grupos pertencentes á Escola de Teatro do Concello de Narón nin profesionais.
- Todos os participantes expoñerán o seu traballo no PAZO DA CULTURA.
- O xurado decidirá nese acto, **as persoas gañadoras.**
- Non se admitirán actuacións con letra pregravada, deben ser en directo.

### **3.10- CANCIÓN EN GALEGO**

- Comprenderá a interpretación dunha canción con letra en galego ou traducida ao galego.
- A letra pode acompañarse de instrumentos musicais ou de música adaptada de autores e autoras.
- A música non poden executala persoas adultas en directo.
- Pódese participar individualmente ou en grupo
- Formarán parte do xurado especialistas en formación musical, cando sexa posible.
- Non se admitirán actuacións con letra pregravada, deben ser en directo.



### 3.11- CARTEL ANUNCIADOR

- Deberá centrarse na celebración do Día da Letras Galegas **2022**, ser orixinal e inédito.
- Será de concepción e técnica libres, sempre que sexa posible a súa reprodución.
- Os traballos deberán presentarse sobre papel, cun tamaño de 45 x 30 cm. (tamaño A3).
- Deberá integrar a seguinte lenda: Letras Galegas 2022.
- Deberá constar o escudo do Concello de Narón, así como o logo e o nome do centro educativo organizador do Certame.

Os traballos de **EXPRESIÓN ESCRITA** poden presentarse de forma manuscrita (letra clara, marxes, ...) ou mecanografados a dobre espazo e con letra de tamaño entre 10 e 12 en todas as categorías.

**As persoas gañadoras** presentaranos tamén en soporte informático word ou open-office coa finalidade de realizar un arquivo histórico do Certame.

Todas as persoas concursantes presentarán os traballos tendo en conta:

- Os traballos irán sen sinatura. Terán título e un lema identificador.
- Nunha plica farase constar: título, lema identificador, nome completo do autor/a, idade, curso, grupo e Centro ao que pertence.
- A plica e o traballo introduciranse nun sobre grande, no que se indicará XXXI CERTAME INTERCENTROS CONCELLO DE NARÓN, o lema, o curso e a modalidade.

Ademáis do anterior:

- Na modalidade de NARRATIVA, CÓMIC, POESÍA ou TEATRO ESCRITO as persoas concursantes de ESO, BAC, e CICLOS FORMATIVOS deberán entregar 3 copias de traballo.
- Na modalidade de REPORTAXE XORNALÍSTICA, o alumnado de ESO, BAC, e CICLOS FORMATIVOS deberá presentar os traballos sen sinatura. Terán título e un lema identificador.
- Na modalidade de AUDIOVISUAIS o alumnado de Primaria, ESO, BAC e Ciclos Formativos deberán entregar a gravación en soporte informático.
- Na modalidade de CARTEL ANUNCIADOR na parte traseira do cartel figurará un lema para preservar a identidade do autor ou autora, en un sobre aparte incluíranse os datos **do/da autor/a**, co lema na parte exterior.

### **Base 4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

- **Todos os traballos das categorías a, b, c e d serán entregados no lugar da exposición, o Pazo da Cultura, o día 20 de abril de 9 a 10 horas.**
- **Os traballos das categorías d (só audiovisuais), e, f e g entregaranse nos respectivos centros antes do día 20 de abril de 2022.**

- A modalidade de **EXPRESIÓN ORAL** terá lugar no Pazo da Cultura os días **21, 22, 25 e 26 de abril de 9:30 a 13:30** (se fose necesario polo número de participantes e cuestión de aforo poderíanse engadir os días **27 e 28 de abril**).
- A esta modalidade asistirán só as persoas participantes, alumnado do grupo a criterio do centro, e o xurado.
- Os traballos da modalidade **h** entregaranse na conserxería do CEIP A SOLAINA, tendo como data límite o **18 de marzo**.

#### Base 5. ORZAMENTOS

O orzamento máximo destinado a premios para a celebración do **XXXI Certame** será de **8.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **3260 48005** do orzamento en vigor.

#### Base 6. PREMIOS

Os premios concederanse por: participar e/ou concursar.

- Nas categorías **a, b, c, d**, se concederá en todas as modalidades, agás en expresión oral, un bono en especie, por valor de 50 euros por unidade, por participar.
- Nas categorías **e, f e g** haberá premio en forma de bono en especie por valor de **100 euros**.
- Na categoría **h** haberá un premio en forma de bono en especie por valor de **100 euros**.
- Na modalidade de EXPRESIÓN ORAL se concederá aos premiados e premiadas dentro de cada categoría un premio en forma de bono en especie por valor de 100 euros, agás para as categorías **a e b** (Educación Infantil, primeiro e segundo de Educación Primaria) nas que o premio será un bono por valor de 50 euros, ás aulas que participaron.
- A decisión do xurado poderanse conceder accésits nas diferentes categorías e modalidades sempre e cando a súa concesión non altere o presuposto total dedicado a premios. O importe de cada accésit será de **50 euros**.

Cadro resumo por categorías, modalidades, formas de participación e premios.

Categoría	Modalidade	Forma de participación	Premio
a)Educación Infantil	Murais	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)	A participación (50€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito	A participación (50€)

		individual ou en grupo (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)	
b)1º e 2º de Primaria	Murais	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)	A participación (50€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo  (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)	A participación (50€)
c)3º e 4º de Primaria	Mural ou conto ilustrado	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
d)5º e 6º de Primaria	Conto ou cómic	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)

e)1º e 2º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Cómic	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Poesía	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
f)3º e 4º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Cómic	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Poesía	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral,	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)

	regueifa)		
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
g)1º e 2º BAC Ciclos Formativos	Narrativa	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Cómic	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Poesía	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
h)Alumnado do Centro organizador	Cartel anunciador das Letras Galegas	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)

O xurado estará integrado por un profesor/a de cada Centro participante nas distintas modalidades, un profesor/a do Centro organizador e a posibilidade dun especialista da materia, dependendo da modalidade.

Para a modalidade **h** o xurado estará formado polos membros do EDLG (Equipo Dinamizador da Lingua Galega) do CEIP A Solaina.

As datas de reunión do xurado de narrativa, cómic, poesía, teatro escrito, reportaxe xornalística e audiovisuais serán anteriores ao día **30 de abril de 2022**, día en que se fará público o ditame.

O xurado da modalidade de expresión oral deberá valorar, ademais de outros aspectos, o número de participantes de cada grupo con papel. O xurado recollerá nunha acta os seus resultados de todas as modalidades.

O importe máximo dos premios que se concedan non poderá superar a cantidade de 8.000€, orzamento máximo destinado para premios neste Certame.

### **Base 8. DITAME**

Farase público a todos os Centros participantes, Concellaría de Educación e Servizo Sociocomunitario, mediante copia de acta, nos **días 2 e 3 de maio de 2022**.

Na modalidade **h** farase público tras a reunión do xurado que terá lugar o día **22 de marzo** no CEIP A Solaina.

### **Base 9. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS PREMIADOS**

Os alumnos que resulten premiados a título individual, deberán presentar no Concello de Narón (Servizo Sociocomunitario) **antes do día 5 de maio de 2022**, unha declaración responsable, a cal deberá ser asinada polo pai / nai / titor legal no caso de ser menores de idade, na que conste que non está incurso/a en ningunha das causas que determina o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e Concello de Narón) e fronte á Seguridade Social, e que non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

Os alumnos que resulten premiados formando parte dun colectivo ou dunha aula, o Director do centro educativo ao que pertencen deberá presentar no Concello de Narón (Servizo Sociocomunitario) **antes do día 5 de maio de 2022**, unha declaración responsable na que conste que o centro ao que representa non está incurso en ningunha das causas que determina o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e Concello de Narón) e fronte á Seguridade Social, e que non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

Os premios non poderán ser recollidos en tanto non sexa cumprimentado este requisito.

### **Base 10. ENTREGA DE PREMIOS**

Neste acto, que terá lugar no Pazo da Cultura de Narón o día **10 de maio 2022**, farase entrega dos bonos en especie ao alumnado premiado e aos centros educativos participantes.

Poderán asistir ao acto, como máximo, 35 alumnos/as por Centro.

Recollerá o premio unha representación de ata 4 alumnos do grupo premiado.

### **Base 11. EXPOSICIÓN**

Todos os traballos presentados nas modalidades de **MURAI**, **CONTO ILUSTRADO** e **CÓMIC**, así como os traballos gañadores nas restantes modalidades, serán expostos no Pazo da Cultura, dende o día **21 de abril ao 19 de maio de 2022**, dependendo da dispoñibilidade de datas.

Os Centros participantes entregarán os seus traballos no Pazo da Cultura de Narón o **día 20 de abril de 2022, de 9 a 10h.**

A recollida de todo o material exposto farase o **18 de maio de 2022** pola mañá, encargándose os distintos Centros de recoller cadanseus traballos no Pazo da Cultura.

### **Base 12. FINAL**

As obras presentadas ao concurso quedarán en propiedade do Centro no que estea matriculado o/a alumno/a concursante.

O xurado poderá declarar deserto algún premio se considera que os traballos presentados non acadan a calidade necesaria.

Todos os premios entregaranse en forma de bono en especie polo valor establecido, que debe ser conmutado nos establecementos de Narón que o Concello determine.

A participación no XXXI CERTAME INTERCENTROS CONCELLO DE NARÓN implica a aceptación das presentes bases, así como as decisións do/s xurado/s.

### **Base 13.- PUBLICACIÓN**

Estas bases serán publicadas no BOP da Coruña.